

RESOLUCIÓN CONXUNTA DA XERENCIA E A VICERREITORÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA SOBRE A NON DEDUCIÓN DO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO VINCULADO Á INVESTIGACIÓN PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DA ANUALIDADE 2021

Antecedentes

Ata o de agora, debido á xestión e seguimento de todos os expedientes afectados e o manexo dunha gran cantidade de información, esta universidade conseguiu recuperar o imposto sobre o valor engadido (IVE) de investigación correspondente ao período 2004-2010 e mais aos anos 2015, 2016 e 2017.

En consecuencia, permitíase poñer a dispor do investigador ou investigadora a totalidade do crédito correspondente ao imposto sobre o valor engadido cuxa clasificación orzamentaria se sitúa na funcional 541A.

Ademais disto, a UDC ten dereitos de cobramento pendentes de materializarse correspondentes ao período comprendido entre 2012 e 2014. Trátase de contías moi importantes. En concreto, existe un procedemento en curso relativo ao imposto sobre o valor engadido do exercicio económico de 2012 ante a Sala do Contencioso da Audiencia Nacional por unha contía de 581.479,72€. Ademais, os anos 2013 e 2014 finalizaron coa firma de actas en Disconformidad número A02 72536600 e A02 72557415 contra as que se interpuxo Reclamación Económica-Administrativa ante o Tribunal Económico Rexional de Galicia, e pasaron xa ao TEAC. As contías ascenden a 506.694,95€ (2013) e 786.951,85€ (2014), cun total acumulado para estes dous anos de 1.293.646,80€.

No ano 2019, no momento de proceder a revisar a liquidación do ano 2018 percibiuse unha esixencia moito maior que se confirmou ao ano seguinte. En concreto, recibíuse unha notificación do acordo de liquidación en que figuraba unha contía para devolver de 222.828,29€. Como a cantidade que solicitou devolver a UDC era de 624.151,72€, mediante un escrito do 13 de agosto de 2019 presentouse unha reclamación económico-administrativa dirixida ao Tribunal Económico-Administrativo Central pola antedita cantidade.

No ano 2020 aínda se endureceron máis as condicións. Así, a contía que se soportou de IVE por investigación é de 1.034.110,51€. O 13 de novembro propúxose unha liquidación a favor da Universidade da Coruña de 99.034,48€, contía inferior á prevista (Referencia Acta: A02 73234805). A AEAT formulou tres

Páxina 1 de 3

Código Seguro De Verificación	ClIgjySWkMY4wL/RuGu1Zw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Domingo Javier Calvo Dopico - Vicerr. de Economía e Planificación Estratéxica	Asinado	05/01/2021 12:33:56
	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	05/01/2021 12:29:38
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ClIgjySWkMY4wL/RuGu1Zw==		



axustes diferentes. Dunha banda, non acepta a dedución ao 100% das cotas soportadas en adquisición de bens respecto dos que non se proba a súa afectación á actividade empresarial de investigación aplicada ou a calquera outra actividade empresarial. Da outra, en segundo lugar, non se acepta a dedución das cotas soportadas en bens e servizos afectos en común aos dous sectores diferenciados de actividade (docencia ou investigación). E, finalmente, en terceiro lugar, cuestiónase a dedución de cotas soportadas por servizos comúns (2015 a 2017) que xa foron obxecto de regularización en procedementos inspectores anteriores.

Para cada un destes argumentos a Universidade fixo un esforzo de recompilación, clasificación e xustificación da información. Por iso, o pasado 3 de decembro fíxose o trámite de alegacións (Referencia Acta: A02 73234805).

Porén, tal a como se detalla nos antecedentes anteriores, esa devolución xa non é habitual, senón todo o contrario. É por iso que, primeiramente, se produce un proceso de debate contradictorio entre a Axencia da Administración Estatal Tributaria (AEAT) e a UDC e, en segundo lugar, a conclusión dese proceso ou acaba minimamente a contía computada pola UDC ou remata nun conflito xurídico-tributario que se residencia nos tribunais (ou económico-administrativos, caso do TEAR ou TEAC, ou xudiciais, caso da Audiencia Nacional) cun alto grao de imprevisibilidade da resolución e tamén cun gran período de tempo na súa espera.

Ata o actual exercicio económico a UDC viña aplicando unha *pro rata* do 100% do IVE, deducindo a totalidade do IVE repercutido nos gastos financiados con cargo ao programa “541A. Investigación”. Por todo o exposto, no actual exercicio 2021 non é posible aplicar deducións do IVE soportado pola UDC en materia de investigación, debido a que non se conta cunha mínima garantía de recuperar nun futuro razoablemente próximo as contías deducidas. Esta circunstancia, en aplicación do principio de prudencia financeira, comunicouse no Claustro Universitario do día 22 de decembro de 2020, no que se presentaron as liñas xerais orzamentarias do exercicio 2021; o Claustro apoiou maioritariamente a proposta.

Como consecuencia do anterior, e consonte as atribucións que recollen os artigos 3 e 7, da Resolución reitoral do 14/01/2020, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos o xerente e o vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica,

Código Seguro De Verificación	ClIgjySWkMY4w1/RuGu1Zw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Domingo Javier Calvo Dopico - Vicerr. de Economía e Planificación Estratéxica	Asinado	05/01/2021 12:33:56
	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	05/01/2021 12:29:38
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ClIgjySWkMY4w1/RuGu1Zw==		



RESOLVEN:

- Non deducir, no exercicio 2021, o IVE soportado nos gastos vinculados ao programa 541A "Investigación".
- Comunicar ao persoal da UDC que durante o exercicio 2021 non se liberará das aplicacións orzamentarias a contía que corresponda ao IVE vinculado á investigación, programa 541A.

Esta resolución publicárase na Sede Electrónica da UDC e terá efectos desde o día da súa publicación.

Asinado dixitalmente polo xerente e o vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica

Código Seguro De Verificación	C1IgJySwKMY4w1/RuGu1Zw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Domingo Javier Calvo Dopico - Vicerr. de Economía e Planificación Estratéxica	Asinado	05/01/2021 12:33:56
	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	05/01/2021 12:29:38
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/C1IgJySwKMY4w1/RuGu1Zw==		

